



**ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL PARA
O DEPORTE E A FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN, PARA A REALIZACIÓN DO
PROGRAMA DE PROMOCIÓN E DESENVOLVEMENTO DA SÚA MODALIDADE
DEPORTIVA PARA O ANO 2017**

Santiago de Compostela, 11 de decembro de 2017

REUNIDOS


Marta Míguez Telle, secretaria xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, en uso das competencias desconcentradas nos secretarios xerais dependentes da Presidencia, en virtude da disposición adicional segunda do Decreto 76/2017, do 28 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

José Luis Pérez Ouro, presidente da Federación Galega de Balonmán, en nome e representación desta, en exercicio das facultades atribuídas ao efecto polos seus estatutos federativos.

Ambas partes recoñécense con capacidade para formalizar a addenda ao convenio de colaboración suscrito con data 24 de abril de 2017 para a realización do programa de promoción e desenvolvemento da súa modalidade deportiva para o ano 2017 e a estes efectos,

EXPOÑEN

Coa finalidade de atender a promoción e fomento do deporte federado da súa modalidade na Comunidade autónoma galega, a Secretaría Xeral para o Deporte asinou, con data 24 de abril de 2017 un convenio de colaboración coa Federación Galega de Balonmán, por importe total de cento vinte e oito mil cincocentos trinta e dous euros con corenta céntimos 128.532,40€) coa seguinte distribución por programa:






PROGRAMAS		IMPORTE
1.	Gastos xerais de funcionamento (máximo 25%)	31.532,40 €
2.	Campionatos Galegos	46.900,00 €
3.	Tecnificación	23.900,00 €
4.	Rendemento	
5.	Alto Rendemento	
6.	Tokio 2020	
7.	Fomento do deporte Feminino	3.800,00 €
8.	Fomento e integración de deportistas con discapacidade	
9.	Fomento do deporte en maiores de 40 anos	3.200,00 €
10.	Proxectos de especial relevancia (PER) (Contía fixa) COPA DA RAÍÑA TORNEO INTERNACIONAL O SALNÉS	7.000,00 € 5.000,00 € 2.000,00 €
11.	Outras actividades de promoción e fomento da modalidade, con especial interese nas actividades en idade escolar (incluír arbitrxes Xogade)	12.200,00 €
TOTAL		128.532,40 €

A Federación Galega de Balonmán remitiu un escrito o 4 de outubro de 2017, número de rexistro 2017/2442597, no cal informa da celebración da Fase de Clasificación W19 para o Campionato de Europa de categoría Júnior que se levou a cabo entre o 17 e o 19 de marzo de 2017, e solicita se teña en conta este evento dentro do programa subvencionable "Proxectos de Especial Relevancia", por tratarse dun campionato de carácter internacional e de gran interese deportivo.

Con base ao anterior as partes acordan a seguinte

CLÁUSULA

Primeira.- Acórdase modificar o cadro de financiamento que figura no convenio como Ficha I, incorporando como Proxecto de Especial Relevancia o Campionato de Europa Júnior da Fase de Clasificación W19 de Balonmán, que queda do seguinte xeito:





PROGRAMAS	IMPORTE
1. Gastos xerais de funcionamento (máximo 25%)	31.532,40 €
2. Campionatos Galegos	46.900,00 €
3. Tecnificación	23.900,00 €
4. Rendemento	
5. Alto Rendemento	
6. Tokio 2020	
7. Fomento do deporte Feminino	3.800,00 €
8. Fomento e integración de deportistas con discapacidade	
9. Fomento do deporte en maiores de 40 anos	3.200,00 €
10. Proxectos de especial relevancia (PER) (Contía fixa)	17.000,00 €
COPA DA RAÍÑA	5.000,00 €
TORNEO INTERNACIONAL O SALNÉS	2.000,00 €
CAMPIONATO DE EUROPA JÚNIOR DA FASE DE CLASIFICACIÓN W19	10.000,00€
11. Outras actividades de promoción e fomento da modalidade, con especial interese nas actividades en idade escolar (incluír arbitrxes Xogade)	12.200,00 €
TOTAL	138.532,40 €

Polo tanto o importe total do convenio ascende a cento trinta e oito mil cincocentos trinta e dous euros con corenta céntimos (138.532,40€).

En proba de conformidade as partes que interveñen asinan a presente addenda no lugar e data arriba indicados.

A secretaria xeral para o Deporte

Marta Míguez Telle

**O presidente da Federación Galega
de Balonmán**

José Luis Pérez Ouro

